



# **¿QUEN SOMOS?**

**AS ONG DE ACCIÓN SOCIAL GALEGAS  
LOITANDO CONTRA A POBREZA E A  
EXCLUSION SOCIAL**

Santiago de Compostela, 20 setembro 2013



## ÍNDICE

### 1. PRESENTACIÓN

### 2. QUEN SOMOS

- 2.1. ORGANIZACIÓNS PARTICIPANTES
- 2.2. PERSOAS
- 2.3. INGRESOS E GASTOS
- 2.4. RECURSOS XESTIONADOS



## 1. PRESENTACIÓN

A **Rede de loita contra a pobreza (EAPN Galicia)** traballa para defender os dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

A Rede está formada polas ONG máis representativas do sector social galego que agrupan a **108 entidades** de primeiro nivel a través dos seus 16 socios directos.

**ACCEM Galicia \* Asociación Boa Vida Inclusión Activa \* Asociación Plataforma polo Emprego \* Cáritas Diocesanas de Galicia \* Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) \* Emaús Fundación Social \* Federación Autismo Galicia \* Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) \* Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) \* Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) \* Fundación Érguete Integración \* Fundación Juan Soñador \* Fundación Meniños \* Fundación Secretariado Xitano \* Fundación Ronsel \* Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)**

Promovemos a análise e reflexión sobre a pobreza e a exclusión social pero tamén o voluntariado e a participación real das persoas coas que traballamos dende as distintas entidades sociais así como e a incidencia política e social en institucións públicas. O traballo en rede e a incidencia a nivel europeo é estatal é imprescindible para o éxito das actuacións, é por isto que EAPN Galicia está integrada en [EAPN España](#) e en [EAPN Europa](#).

No Ano Europeo da Cidadanía recoñecese especialmente o papel das ONG de acción social como elemento imprescindible de **representación da sociedade civil organizada**.

Este papel ven de incrementarse ante o **esforzo notable realizado nos últimos anos polas ONG na loita contra o aumento drástico da pobreza e a exclusión social ao longo de toda a xeografía galega**. 662.515 galegos e galegas se atopaban no 2011 en risco de pobreza ou exclusión. 47.031 máis que no 2010. En todo o estado 12.741.434 persoas. 2.300.063 máis en apenas tres anos. Un 23,7% da poboación galega. Mellor que no conxunto do estado (27%) pero acompañando no crecemento da pobreza á gran maioría dos países europeos<sup>1</sup>.

**Paradóxicamente, esta valoración político e social** do traballo das ONG de acción social e das persoas (voluntarias e traballadoras) na loita contra a pobreza e a exclusión **é etérea e xenérica**.

<sup>1</sup> Estes datos son o indicador de poboación AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion), que a Unión Europea utiliza para medir a pobreza e exclusión



Non se ve acompañado dun recoñecemento real das Organizacións non Lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social como **actor imprescindible, non complementario, na prestación de servizos sociais públicos**, do seu papel como coñecedor e experto na situación na que viven as persoas en situación de pobreza e exclusión social.

Non se activa un **diálogo civil normalizado e estable** e non se recoñece o seu orixe non lucrativo na contratación **pública, obrigando a competir en desigualdade de oportunidades** con empresas non especializadas e sen implantar **cláusulas sociais** que recoñezan a realidade non lucrativa.

Parte de esta responsabilidade desta escasa plasmación práctica do traballo realizado dende as ONG de acción social galega, é nosa. **Non existía ata o de agora un estudio que mostrara a capacidade e impacto do noso traballo** como o que de seguido se presenta e que o puxera en valor ante a sociedade galega e as súas institucións.

## 2. QUEN SOMOS

### 2.1. ORGANIZACIÓNS PARTICIPANTES

Dende EAPN Galicia promoveuse ao longo do 2013 unha enquisa para coñecer as principais magnitudes do traballo durante o ano 2012 das 108 ONG integradas na rede. Do seguinte ámbito territorial

<b>Local</b>	92
<b>Provincial</b>	0
<b>Autonómico</b>	11
<b>Estatatal</b>	5

#### **ACCEM Galicia**

**Asociación Boa Vida Inclusión Activa**

**Asociación Plataforma polo Emprego**

**Cáritas Diocesanas de Galicia (Santiago, Ourense, Lugo, Mondoñedo-Ferrol e Tui-Vigo)**

**Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) (55 organizacións)**

**Emaús Fundación Social**

**Federación Autismo Galicia (13 organizacións)**

**Federación Asociacións Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) (15 organizacións)**

**Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) (6 organizacións)**

**Federación Galega Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA) (8 organizacións)**

**Fundación Érguete Integración**

**Fundación Juan Soñador**

**Fundación Meniños**

**Fundación Secretariado Xitano**

**Fundación Ronseal**

**Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3)**



## 2.2. PERSOAS

<b>PERSOAS BENEFICIARIAS/USUARIAS</b>	<b>453.534</b>
Directas	133.169
Indirectas	320.365
<b>PERSOAS ASOCIADAS</b>	<b>19.199</b>
<b>PERSOAS VOLUNTARIAS</b>	<b>4.304</b>
<b>PERSOAS TRABALLADORAS</b>	<b>1.188</b>
Con contrato indefinido	623 (52,4%)
Con contrato temporal	565
Pertencentes a colectivos en inclusión	165 (13,9%)

## 2.3. INGRESOS E GASTOS

### INGRESOS

**40.339.699 €**

Financiamento público	27.196.420 (67,4%)
Financiamento privado	4.737.811
Financiamento propio (socios, cotas, etc)	8.405.468

### GASTOS

**39.044.139 €**

Persoal contratado	24.328.470 (62,3%)
Dietas Directiva	81.652 ( 0,2%)
Mantemento xeral	4.052.476 (10,4%)
Gastos financeiros	298.629 (0,8%)
Amortización	983.526 (2,5%)
Actividades	9.299.387 (23,8%)

## 2.4. 489 RECURSOS XESTIONADOS

RECURSO	NÚMERO	ORGANIZACIONES
Residencias	9	FEAFES, Autismo Galicia, COGAMI, Cáritas
Centros de día	52	FEAFES, Autismo Galicia, COGAMI, Cáritas
Centros especiais de emprego	4	FEAFES, COGAMI
Empresas de inserción	11	Erguete, COGAMI, Plataf. Emprego
Centros SEPAP (Servizo Promoción Autonomía Persoal)	7	Down Galicia
Albergues	2	Cáritas
Comedores sociais	3	Cáritas
Centros de emprego / SEGAC (Servizo Galego Colocación)	15	FEAFES, Cáritas, Juan Soñador, IGAXES3
Atención a muller en risco exclusion	5	Cáritas
Ludotecas, colonias de verán	6	Cáritas
Escola de Tempo libre	1	Cáritas
Centros atención primaria	276	Cáritas
Vivendas tuteladas/pisos protexidos/emancipación personas migrantes	73	IGAXES3, FEAFES, COGAMI, Cáritas, Juan Soñador
Centros de saude	1	Cáritas
Programa de atención a reclusos	1	Cáritas
Programa integración Familiar	4	Meniños
Punto Encuentro Familiar	1	Meniños
Escola infantil	1	Cáritas
Centros Educación Especial	5	Autismo Galicia
Programa socioeducativos infancia e adolescentes	2	Juan Soñador
Centros de atención a personas inmigrantes	3	Juan Soñador
Outros (Centro social, Centro Ocupacional Medelo (Silleda) e Aula Ocupacional de Novas tecnoloxías)	7	Cogami

**TOTAL**

**489**